



ANEXO II.- INFORME TÉCNICO E XURÍDICO RELATIVO A XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO POLO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL “RECTIFICADO”, DAS PRESCRIPCIONS CONTIDAS NA ORDE DO 5 DE MAIO DE 2006 DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA EMITIDO POLA C.P.T.O.P.T. – ACTUALMENTE CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS.

I.- ANTECEDENTES.-

O Plan Xeral foi aprobado provisionalmente polo Pleno do Concello da Estrada en data 30 de xaneiro de 2006 e remitido ás Administracións autonómicas competentes en materia de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa aprobación definitiva.

Logo desta remisión, emítase a Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia en relación ao planeamento presentado, que denega a aprobación definitiva do PXOM presentado, e require a introdución dunha serie de modificacións no texto presentado para subsanar as deficiencias apreciadas; é por isto que en base ao cumprimento desta Orde é necesaria a introdución dunha serie de correccións na documentación aprobada provisionalmente polo Concello.

Expóñense por tal razón a continuación, as explicacións técnicas e xurídicas que xustifican o cumprimento polo texto que agora se presenta polo equipo redactor, do conxunto de modificacións e subsanacións requiridas pola Consellería.

II. CONSIDERACIÓNS E FUNDAMENTACIÓN

Na Orde da Consellería distínguense dous capítulos, un destinado a consideracións de “carácter xeral”, e outro destinado a cuestións de carácter concreto con respecto a cada unha das categorías do solo clasificado no documento obxecto de análise. Analízanse a continuación ambos capítulos por separado, explicando en qué medida se corrixiron as deficiencias apreciadas.

II.B.- Cuestións de carácter xeral:

Segundo a Orde da Consellería, o PXOM non cumpría **dous principios básicos da Lei 9/2002 relativa o planeamento xeral:**

- **Determinar cáles son as necesidades poboacionais reais que o plan ten que atender, téndose en conta o prazo de desenvolvemento e execución do plan polo mesmo previsto.**



- **Establecer una planificación urbanística congruente e proporcional das citadas necesidades.**

Para solventar estas deficiencias estaba claro que era preciso na memoria do propio plan e estudos poboacionais a incorporar, incidir nunha análise máis detallado das seguintes cuestións:

- a) Realizar un informe completo de cales foron as tendencias demográficas e de crecemento poboacional do Municipio da Estrada. Analizar e expoñer a información que se poida obter das administracións públicas competentes –Instituto Nacional de Estatística, censos oficiais, etc.- respecto a cómo evolucionou nos últimos anos a poboación da Estrada, e qué previsións reais de crecemento poboacional ten que atender o PLAN en tramitación.
- b) Analizar e ter en consideración que as previsións de crecemento en canto a número de vivendas previsto no Plan, non só ten que atender necesariamente a un crecemento cuantitativo poboacional –crecemento vexetativo-, senón tamén a novas tendencias sociolóxicas en materia de vivenda (vivendas unipersonais, segundas residencias, etc.).
- c) Considerar que o crecemento obtido da vacante do solo urbano consolidado, é virtual e practicamente non realizábel nun 90%; así como o crecemento dos saídos dos núcleos rurais, son contra as costumes da sociedade rural , cuxo crecemento neste ámbito debíase entender relativo soamente ás novas parcelas. Polo que nos atopamos que o crecemento real no rural sería un 60% do que se estima segundo a instrución 4/2011 do 12 de abril .
- d) Aclarar debidamente cal é a proposta de ordenación do territorio do Concello da Estrada que se contempla no PLAN en tramitación, cunha adecuada vertebración territorial –estrutura territorial racional-, de modo que, potenciando no que resulte dos apartados anteriores o núcleo urbano principal sobradamente identificado na realidade e no planeamento, se vertebrén debidamente as infraestruturas viarias, de servizos, e as previsións de crecemento do conxunto dos núcleos rurais xa existentes, polígonos industriais, comerciais, etc.
- e) Concretar debidamente a capacidade residencial que se deriva do Plan en tramitación, no seu caso reducindo en gran medida as previsións de solo edificable –tanto en solo urbano, urbanizable, como núcleos rurais por entenderse por parte da Consellería que as previsións de crecemento demográfico contidas no plan en revisión e solo edificable resultante, resultan a todas luces desmedidas.
- f) Especial incidencia ten a análise e motivación dos “asentamentos industriais” previstos no Plan, pois se parte dunha realidade de diversos asentamentos industriais diseminados por todo o Municipio da Estrada, que fai precisa una resposta por parte do Plan en tramitación, que coordine una estrutura racional do planeamento en materia de delimitación duns adecuados polígonos industriais, dotados dos servizos e infraestruturas necesarios, coa preexistencia de esa diseminación de naves industriais.

1. Un dos principios de racionalidade aos que está obrigado o planeamento é que o crecemento que se prevé sexa xustificadamente proporcional ás demandas e necesidades que compre atender.



Neste senso, o Plan xeral no texto agora rectificado, determina cales son as necesidades que compre atender no prazo para o que se formula a estratexia de actuación deste, tanto en materia de demanda de vivenda como en número de habitantes, que se inclúe no Estudo socioeconómico no Anexo V da Memoria xustificativa. De este estudio derivará un dimensionado en materia de vivenda e unha planificación urbanística congruente que se xustificará no punto 4.2 da Memoria xustificativa, dimensionado da capacidade do Plan Xeral; do mesmo xeito, analizarase a demanda e necesidades da actividade empresarial que se inclúe no Estudo socioeconómico anteriormente descrito.

En consecuencia, introdúcense na ordenación do Plan xeral as correccións precisas para axustar tanto o modelo de organización territorial dos usos, como a capacidade residencial, que se traduce na redución e intensidade do solo urbanizable de uso residencial, –e o estudo dos núcleos rurais adaptándoos á lei 2/2010 (LOUG). O Plan Xeral desenvolve para os solos de núcleo rural as seguintes determinacións:

- Delimitación dos ámbitos de núcleo rural Histórico -Tradicional, Común e Complexo.
- Trazado da rede viaria pública e sinalamento dos solos dotacionais e dos espazos públicos.
- Regulación urbanística dos usos e da edificación.

A redución das áreas nas que se localizan as zonas industriais concentrando o crecemento das futuras actividades industriais e empresarias do concello nas mesmas e en menor medida a intensidade da ordenación no solo urbano, como queda reflectido nos planos de Cualificación do solo.

2. Concrétanse axeitadamente as actuacións en materia de infraestruturas de servizos públicos necesarios para atender o crecemento previsto como se reflexa no Anexo III da Memoria Xustificativa e establécense os mecanismos de xestión para a súa efectiva realización como queda reflectido na Memoria de estratexia de actuación e estudio económico.

3. Rectifícase o grafismo empregado nos planos de “Clasificación do solo” co fin de establecer a clasificación do solo no ámbito das parcelas dotacionais (espazos libres e equipamentos) situados fora da vila ou dos núcleos rurais.

II.C. Estrutura xeral e orgánica do territorio e dotacións urbanísticas:

A Orde fai tamén unha mención moi especial, as seguintes cuestións en materia de infraestruturas:

- Inexistencia dun estudio informativo específico e de análise do estado actual das redes de servizos urbanos.
- Sistemas Xerais: existen ámbitos de solo urbano non consolidado e solo urbanizable que non teñen definidos nin xustificados os seus sistemas xerais e o respecto o artigo 53.1.e da lei 9/2002 de ordenación do territorio ordena que a estrutura xeral e orgánica do territorio integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano **este contida nos plans xerais.**

Debería de ser, polo tanto, obxecto de explicación tanto na memoria xustificativa como nos planos de ordenación do solo urbano e urbanizable a definición de cada un dos elementos que



compoñen os sistemas xerais de zonas verdes e espazos libres, de equipamentos, de comunicacións, infraestruturas e as súas respectivas zonas de protección, así como os medios para poder obter todo isto.

1.- Ao respecto, O Plan xeral rectificado achega un estudio informativo e de diagnóstico sobre o estado actual das redes de servizos urbanos, sobre o cal se determinan as necesidades de reforzo para atender ás previsións da ordenación proposta, que se inclúe no Tomo I. Memoria Informativa e nos planos de información incluídos no Tomo VIII.

2.- Defínense axeitadamente nos planos de infraestruturas propostas incluídos no Tomo VIII, así como no Anexo III incluído no Tomo II. Memoria Xustificativa, as previsións de ampliación e reforzo das citadas redes de servizos urbanos.

3.- Elimínase o equipamento público da “Academia Galega de Seguridade” da rede de Sistemas Xerais de equipamentos, debido o seu marcado carácter supramunicipal, e xustifícase o cumprimento de reserva mínima de equipamento comunitario de titularidade pública que esixe o artigo 47.1 b) da LOUGA no punto 11.4.1 do Tomo II. Memoria xustificativa.

4.- Nos ámbitos remitidos a plans de desenvolvemento (tanto en solo urbano non consolidado coma solo urbanizable) nos que se prevé a reserva de sistemas xerais, estes atópanse especificados en cada unha das fichas referente a cada un dos solos, indicando a súa inclusión ou adscrición, o seu uso, a súa superficie....

5. As áreas de reparto nas que se inclúen ou adscriben terreos destinados a sistemas xerais cumpren o disposto no artigo 112.2 da LOUGA.

CUESTIONS DE CARÁCTER ESPECÍFICO PARA CADA UNHA DAS CATEGORÍAS DO SOLO CLASIFICADO NO PXOM:

II.D. Solo urbano:

A resolución da CPTOPT advertía, respecto da delimitación como solo urbano de certos ámbitos, que estes non cumpren as características do artigo 11 da lei 9/2002, no que se limita a clasificación do solo urbano a terreos incluídos na malla urbana que contén con acceso rodado público e cos servizos públicos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministro de enerxía eléctrica ou a terreos cunha consolidación de a lo menos dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela.

Fíxose unha análise pormenorizada do estado actual desas áreas delimitadas que segundo a Orde se identifican como “non suficientemente xustificadas” as súas clasificacións como solo urbano, isto é, o SUNC-1, SUNC-7, SUNC-8, zona de equipamento 3I e ámbitos con ordenanza 4, para cumprir os requisitos deste artigo.



E necesario explicar e xustificar debidamente os criterios específicos seguidos con respecto a eses ámbitos para a súa clasificación como solo urbano. Lembrase ademais a necesidade de cumprir o artigo 12, onde se diferencian os solos urbanos consolidados e os non consolidados.

1. Examinamos a continuación ese primeiro punto: “ O plan propón ampliacións do ámbito actualmente clasificado como solo urbano, sobre zonas nas que non concorren os requisitos que expresa o artigo 11 da Lei 9/2002”.

- Os ámbitos SUNC-1, SUNC-7 e SUNC-8, pasan a ser, no plan rectificado que agora se presenta, os solos urbanizables delimitados S.U.N.D-R06, S.U.D-R12, S.U.N.D-T09 e S.U.N.D-R05, respectivamente.

A inexistencia de servizos urbanísticos suficientes e a planificación coherente ao longo dos cuadrenios de programación foron as pautas que se tiveron en conta para a reclasificación do solo destes ámbitos, redefinindo a súa delimitación.

- A zona de equipamento 3-I, correspóndese co actual S.U.D – D11, solo urbanizable no que se prevé a consecución dunha reserva de solo para a implantación dun equipamento dotacional público destinado a uso asistencial (centro de día).

- Os ámbitos cualificados coa ordenanza 4 (solo urbano consolidado), edificación unifamiliar (no plan actual equivalente á ordenanza 3) ao nordeste e ao sudoeste da vila, pasan a contemplarse no plan rectificado que agora se presenta clasificados como solo rústico de protección ordinaria e solo de núcleo rural común de Cañoteiras e Vilar.

Do mesmo xeito, se aclara tamén que se clasifican como SOLO URBANO CONSOLIDADO, os solos situados no centro urbano da Estrada, que integran un conxunto de soares, parte dos cales son os emprazados no mesmo centro do Concello, que é atravesado horizontalmente, conformando o seu eixo principal, pola denominada Avenida de Benito Vigo, tramo integramente urbano da antes estrada nacional N-640; trátase dun núcleo conformado na súa maioría por bloques en mazá pechada con patios de cuarteirón interiores. A existencia de vivenda unifamiliar é escasa, atopándose principalmente nas aforas confluindo cos núcleos rurais que rodean este solo urbano. E de destacar a importante bolsa de solos que albergan os equipamentos dotacionais do núcleo e do concello en si, situada o final da Avenida da Cultura no noroeste no solo urbano.

A malla urbana queda definida por toda unha serie de viarios secundarios perfectamente estruturados e urbanizados paralelos e perpendiculares ao eixo principal, así como por unha serie de viarios (rúa Antón Losada, rúa vinte e rúa do 25 de xullo) que si ben eran definidos nas NN.SS de planeamento como solo apto para urbanizar, cualifícanse como solos urbanos non consolidados para pechar a trama e solos urbanizables delimitados nas marxes externas como consecución do pechamento da malla urbana dun xeito gradual.

2. O plan redefine a delimitación do antigo S.Ur.D.R-10, incluíndo os terreos vencellados á vía de nova apertura proposta polo Plan xa que non reúne os requisitos contemplados no artigo 12 b) da LOUGA. Correspóndese cos ámbitos de desenvolvemento S.U.D – R15 e S.U.N.D – R08 actuais.

3. No relativo a que non se atopase xustificado no plan obxecto de rectificación, o equilibrio entre as diferentes área de reparto no solo urbano non consolidado polo motivo de que so nalgunha delas



se inclúan sistemas xerais, foi debidamente subsanado no plan modificado que agora se presenta no senso de que se realiza un detallado estudio individualizado de beneficios e cargas para cada área de reparto, asignando a cada solo unha carga de sistemas xerais proporcional ao valor residual do solo (proporcional ao seu volume edificable), segundo o seu uso e tipoloxía, dando resposta así ao Artigo 52-3 da LOUG, e en especial a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición, como se indica en el TOMO VI. Estratexia de actuación e estudio económico.

4. Nas fichas dos solos urbanos non consolidados delimitáanse cada un dos ámbitos facéndoos coincidir cunha única área de reparto respectivamente. Figuran os sistemas xerais incluídos ou adscritos a cada un deles tanto gráfica coma numericamente.

5. Así mesmo, nas correspondentes fichas do solo urbano non consolidado, aparecen as reservas mínimas que marca a Lei con respecto á vivenda suxeita a algún réxime de protección pública no apartado de observacións. Este dato tívose en conta para o cálculo do aproveitamento tipo de conformidade co que dispón a LOUG.

6. Calcúlase o aproveitamento tipo segundo o que dispón a LOUG no seu artigo 113, excluindo os terreos afectos a dotacións públicas, de carácter xeral ou local, xa existentes no momento de aprobación do plan xeral que se manteñan. Figura en cada unha das fichas de desenvolvemento de solos urbanos non consolidados.

7. En cada ámbito de solo urbano non consolidado, especificase o índice de edificabilidade en función da tipoloxía e uso característico que se propón, as reservas de dotación locais que marca a Lei no artigo 47, a porcentaxe de vivenda suxeita a algún réxime de protección pública, de modo que resulte viable a execución do planeamento.

8. No artigo 141 da Normativa Urbanística establécense as condicións que deben cumprir as edificacións entre medianeiras para evitar paredes medianeiras á vista en zonas con cualificacións diferentes. No artigo 142 da mesma Normativa achégase a solución para o tapado de medianeiras en zonas en contacto coa ordenanza 1 de edificación entre medianeiras, cumprindo así o disposto no artigo 104 da LOUG.

II.E. Solo de núcleo rural:

Considerase como un aspecto esencial do Plan obxecto de rectificación, dada a amplísima extensión territorial do municipio da Estrada, e a existencia de moi numerosos núcleos rurais tradicionais.

A Orde da consellería fai referencia a necesidade de incluír nas fichas de ordenación de núcleos rurais, o grado de consolidación do asentamento tradicional en función da ordenación proposta, para cumprir co artigo 13.3. Precepto no que se indica que o ámbito delimitado debe presentar una consolidación pola edificación de a lo menos o 50% de acordo coa ordenación proposta, e trazando una liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes, e como máximo a 50 metros de ditas edificacións tradicionais. Polo que se realizaron ao efecto os estudos necesarios para obter as xustificacións precisas para determinar o grado de consolidación.



Non se consideraba tampouco xustificado incluír áreas de expansión nos arredores de 400 núcleos rurais, non é congruente coa memoria xustificativa do plan, en cuxo diagnóstico conclúese que a maioría dos núcleos son regresivos ou fortemente regresivos, nin co artigo 13.3 da lei 9/2002 no que se di que dita área se delimitará de acordo cos criterios de crecemento que o planeamento urbanístico contemple.

Se detectaban tamén delimitacións de áreas de expansión de núcleo rural que deberían ser clasificadas como solo rústico de protección de algunha das categorías que establece o artigo 32.2 da lei 9/2002.

A Orde non consideraba como uso admisible en área de expansión de núcleo rural o de gasoleira polo que habería que corrixir tal clasificación nos planos e no artigo 74 da normativa.

Debido á nova adaptación da lei de ordenación urbanística, no disposto na lei 2/2010 que sobre todo afecta aos Núcleos Rurais, o Plan Xeral desenvolve para os solos de núcleo rural as seguintes determinacións:

- Delimitación dos ámbitos de núcleo rural Histórico -Tradicional, Común e Complexo.
- Trazado da rede viaria pública e aliñacións oficiais, e sinalamento dos solos dotacionais e dos espazos públicos.
- Regulación urbanística dos usos e da edificación.

Analizada esta cuestión cos técnicos municipais, parece moi acertado o procedemento que actualmente se está a seguir, para clarificar a clasificación dos núcleos rurais, consistente na realización dunha análise individualizada, por cada núcleo rural, por parte de técnicos idóneos ao efecto (enxeñeiros técnicos agrícolas), da súa tipoloxía, identificación sobre planos, medicións, análise de infraestruturas, denominacións tradicionais, carácter tradicional das súas edificacións, etc., de modo que unha vez se remita á Consellería o texto rectificado para instar a súa aprobación definitiva, vaia acompañado dun estudo moito máis detallado e motivado dos núcleos rurais tradicionais cuxa clasificación se propón como tal.

Igualmente parécenos moi acertado o *modus operandi* elixido, consistente non só en realizar un estudo poboacional do crecemento real experimentado por eses núcleos nos últimos anos, senón tamén a enquisa que se vén de realizar indagando sobre os propietarios reais de parcelas que poidan incluírse, achega de cal é a súa intención e ata compromiso de proceder ao seu edificación para vivenda -necesidades reais previstas de vivendas- en cada núcleo, enquisa que permitirá que o deseño dos núcleos correspóndanse con necesidades reais así manifestadas polos propietarios individuais dos terreos.

Deste xeito non se proporán meras hipóteses teóricas, senón propostas de delimitación de núcleos baseadas en necesidades a curto ou medio prazo xa suscitadas polos seus propietarios.

Todo iso sen prexuízo da análise técnica que ao resultado de tales enquisas e estudos se deba de aplicar.

Como resumo, pois, respecto os núcleos rurais, el Plan rectificado procede a:



1 - Regular a delimitación dos núcleos rurais segundo as regras establecidas pola LOUG, a existencia ou non de edificación tradicional, a distancia máxima desde estas á delimitación e o grao de consolidación.

A estimación do grao de consolidación dos núcleos, entendendo como tal o que queda definido na “Instrución 4/2011, do 12 de abril, sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, ao abeiro do disposto na Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia”, basease na análise da capacidade física real de albergar novas parcelas, tendo en conta a superficie mínima edificable de parcela definida.

Esta parcela mínima que se designa a cada un dos núcleos responde a cada caso particular, tendo en conta o seu tecido, a súa morfoloxía parcelaria e a superficie de parcela media que resulta das existentes no núcleo, e nunca sendo menor da parcela mínima edificable de 300 m² regulada no artº 29. da LOUG.

O método de cálculo empregado no presente documento para determinar o número total de parcelas edificables que intervirán no cálculo do grao de consolidación é o Método numérico ou simplificado definido na “Instrución 4/2011, do 12 de abril, sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, ao abeiro do disposto na Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia”, tal e como se pode comprobar nos datos indicados nas fichas elaboradas para cada núcleo rural.

Aliñacións, rede viaria e solos dotacionais.

No relativo ao trazado da rede viaria, aliñacións e solos dotacionais, tanto equipamentos como espazos libres, trátase de recoñecer a realidade existente, en base os seguintes criterios:

- A necesaria preservación do carácter dos núcleos rurais, que inclúe, desde as características arquitectónicas e parcelarias aos usos tradicionais. Isto implica, agás en casos excepcionais, manter os actuais trazados en canto a redes viarias se refire e marcar deste xeito as aliñacións consolidadas existentes que se deben manter.
- As dotacións e espazos libres serán en xeral as xa existentes ou previstas por plans ou programas públicos en marcha, dado que a non obrigatoriedade por parte dos propietarios de ceder solo, agás o destinado a apertura ou regularización de viario, provoca que a obtención de novos solos se realicen mediante actuacións expropiatorias por parte do concello, e estableceranse en caso de consideralas necesarias.

Regulación dos usos e a edificación

Estarán regulados dunha banda, polas condicións que a propia lei (LOUG) fixa a este respecto nos seus artigos 25 a 29, e por outra banda do recoñecemento realizado dos núcleos que permitiu detectar os usos existentes.

No que se refire a edificación, o estudio de tipoloxías edificatorias tradicionais realizado no documento de Análise do Modelo de Asentamento Poboacional e Estudio do Medio Rural, identifica as invariantes ou elementos característicos da arquitectura popular do Concello da Estrada.



2 - Eliminar as estacións de servizo como uso admisible nos núcleos rurais consonte co que dispón o artigo 27 da LOUG tal e como se pode comprobar no Título III, capítulo 5 CONDICIÓN PARTICULARES DA EDIFICACIÓN EN SOLO DE NÚCLEO RURAL. ORDENANZAS art. 154 Actuacións Permitidas do Tomo V de Normativa urbanística.

3 - Eliminar a referencia á posibilidade de construír piscinas en solo rústico vinculada ás condicións particulares da edificación en solo de núcleo rural, de xeito que unicamente as condicións particulares do solo rústico en cada unha das súas categorías son as que establecen o réxime de usos neste tipo de solos.

II.F. Solo rústico:

Segundo a Orde da Consellería, o PXOM debe completar proteccións de solo rústico que marca a lei 9/2002 no seu apartado de solo rústico, artigo 32. Categorías, e que no Plan a corrixir se atopaban incompletas ou carentes delas na clasificación de tipos de solo.

O criterio a seguir sería:

1.-Deberase establecer a clasificación de solo rústico de protección de augas nos terreos aos que se refire o artigo 32.2 d) da lei 9/2002. No caso de que se producira algunha redución respecto a dimensión mínima legal, debe axuntarse na memoria a correspondente xustificación desta redución.

2.- Deberase establecer a clasificación de solo rústico de protección de infraestruturas nos terreos afectados pola nova rede ferroviaria prevista (sendo clasificados actualmente estes terreos no PXOM como sistemas xerais ferroviarios), así como os terreos afectados polas limitacións derivadas das liñas eléctricas de alta tensión.

3.- Deberán incluírse na categoría de solo rústico de protección forestal os terreos dos ámbitos nos que existen concesións de dereitos mineiros que sen xustificación algunha foron clasificado de solo rústico de protección ordinaria, para así facer congruente o tratamento urbanístico neste aspecto xa que as actividades extractiva e mineiras son usos autorizables.

Pois ben, seguindo estas directrices, o PLAN rectificando levou a cabo as seguintes correccións:

1. O Plan xeral establece a Clasificación de solo rústico de protección de augas nos terreos aos que se refire o artigo 32.2 d) da LOUG tal e como queda reflectido nos planos de Clasificación do solo S1-01 a S1-54 e nas correspondentes memorias.

2. Clasifícase como solo rústico de protección de infraestruturas os terreos afectados pola nova rede ferroviaria existentes (AVE) como queda reflectido nos planos de Clasificación do solo S1-01 a S1-54.

3. Clasifícase como solo rústico de protección forestal os terreos afectados por concesións de dereitos mineiros debido a que as actividades extractivas e mineiras son usos autorizables neste tipo de solo, agás nos ámbitos correspondentes a concentracións parcelarias existentes que se clasifican como solo rústico de protección agropecuaria.



II.G. Solo urbanizable:

Respecto ao solo urbanizable, da Orden da Consellería derivase a necesidade dunha profunda análise.

En primeiro lugar, a Orde da consellería solicita unha xustificación da clasificación de solo urbanizable proposta, que se adecúe os artigos 14, 15 e 32 da lei 9/2002. De este modo constituirán o solo urbanizable os terreos que non teñan a condición de solo urbano, de núcleo rural, nin rústico e poidan ser obxecto de transformación urbanística nos termos establecidos nesta Lei. Segundo o artigo 15, constituirán o solo rústico os terreos que teñan que ser preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico e, en todo caso, os seguintes –que pormenorizadamente se identifican en dito precepto.

En segundo lugar, non considera aceptable a capacidade residencial que se propoñía no Plan a rectificar, xa que os datos proporcionados na memoria xustificativa para o solo urbano consolidado e non consolidado serían suficientes para cubrir a demanda de crecemento do Concello. Por isto se tivo que realizar un estudio poboacional xunto o dos núcleos rurais para coñecer as expectativas de crecemento e determinar a necesidade e extensión do solo urbanizable.

Una vez definidos estes parámetros tívose que comprobar que a totalidade de solos urbanizables resultantes non incumpren o resto das condicións da Orde da Consellería. E dicir, que cumpren con aspectos especialmente importantes a hora de delimitar un solo urbanizable, como son non desvincular o solo urbanizable do solo urbano; non crear un solo urbanizable en medio dun solo rústico ou contiguo a un solo de núcleo rural..

Outro aspecto importante é o relativo o **Solo urbanizable industrial**. Estes foron obxecto tamén dun estudio xustificativo xa que, segundo a Orde da Consellería, existían ámbitos illados, de reducidas dimensións, en difíciles condicións de acceso e funcionalidade e sen conexión entre si. Polo que se estudou a situación, dimensión e idoneidade da situación de cada unha das áreas propostas co fin de non xustificar a creación dun solo urbanizable polo feito de existir una construción industrial, pero si tendo en conta as actividades industriais cunha entidade recoñecida que xurdidas á marxe do planeamento, tal e como se indica na Disposición Transitoria 13ª da LOUG, merecen ser clasificadas como solo urbanizable.

INFRAESTRUCTURAS:

A xustificación debe incluír a análise das infraestruturas, coa exposición do estado e a capacidade das redes existentes e o enlace e as obras de ampliación e reforzo das redes propostas, considerando as demandas e previsións segundo a ordenación do plan xeral e o enlace cas instalacións existentes.

EDIFICABILIDADE:

Segundo a Orde da Consellería deben de ser xustificadas os parámetros adoptados en solos urbanizables que outorgaban unha edificabilidade de 0,85 m²/m² en todos os sectores de uso residencial xa que segundo o artigo 47 da lei 9/2002, se trata dun valor máximo que depende de características tipolóxicas e de densidade do entramado existente e do modo de crecemento previsto, para que se cumpran os requisitos dos artigos 112.1, 48 e 104 da lei 9/2002.



No artigo 112.1 a delimitación de áreas de reparto se efectuará tendo en conta o equilibrio de beneficios e cargas entre as distintas áreas así como a proporcionalidade entre a edificabilidade resultante e as cargas e dotacións previstas.

No artigo 48, sen prexuízo de cumprimento do resto de puntos, o punto 3 di que o planeamento urbanístico procurará unha razoable e equilibrada articulación de usos, actividades e tipoloxías edificatorias compatibles, evitando tamén a repetición de solucións urbanísticas e tipoloxías edificatorias idénticas.

No artigo 104, de adaptación ao ambiente, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente en que estivesen emprazadas, e para ese efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar co mesmo. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houbese algún de gran importancia ou calidade dos caracteres indicados.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítimo, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico - artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e pechaduras, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características da contorna e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e as pechaduras de parcelas haberán de harmonizar coa paisaxe en que vaian a emprazarse.

d) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, emprazamento ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

e) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego nos mesmos das formas e materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

f) Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que sexa susceptible de padecer estes riscos.

SISTEMAS XERAIS :

Débase especificar se os datos aportados nas fichas de solos urbanizables de dotacións públicas son xerais ou locais.

Se son xerais deberanse cumprir os puntos referidos no artigo 53.1, en especial o apartado e, no que se especifica que os plans xerais de ordenación municipal conterán a estrutura xeral e orgánica



do territorio integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano e, en particular, polos sistemas xerais de comunicacións e as súas zonas de protección, de espazos libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servizos urbanos.

En calquera caso, indicárase para cada un dos seus elementos non existentes os seus criterios de deseño e execución e o sistema de obtención dos terreos.

Ademais no mesmo artigo apartado i dise que o plan xeral debe conter o carácter público ou privado das dotacións.

Se son dotacións locais existe unha contradición que habería que solventar pois na memoria xustificativa menciónase que unha parte dos sistemas xerais corresponden a solos urbanizables, o cal non sería certo. Ademais, tendo en conta que o artigo 112.2 da lei 9/2002 di que serán incluídos nas áreas de reparto os terreos destinados a sistemas xerais, salvo cando a súa propia magnitude determine a improcedencia de que sexan obtidos a través dos sistemas de reparto de cargas e beneficios, os sectores de solo urbanizable deberían contribuír á obtención dos sistemas xerais de dotacións públicas polo menos na proporción establecida no artigo 47.1 da lei 9/2002, que é de 15 m² por 100m² de edificabilidade residencial para espazos libres e zonas verdes públicas e de 5m² por 100 m² de edificabilidade residencial para equipamentos públicos, o cal non se estaría considerando.

APROVEITAMENTO TIPO:

Débase de detallar o cálculo do aproveitamento tipo en solo urbanizable, realizado segundo o artigo 114 da lei 9/2002 e no que se di que en solo urbanizable o aproveitamento tipo de cada área de reparto determinarase dividindo o aproveitamento lucrativo total, expresado en metros cadrados edificables do uso característico, pola superficie total do área, incluíndo os sistemas xerais pertencentes á mesma, con exclusión dos terreos afectos a dotacións públicas de carácter xeral ou local existentes no momento de aprobación do plan xeral que se manteñan.

Ademais o plan debe cumprir o estipulado no artigo 46.6.b relativo a como calcular superficies edificables. Para iso, o índice de edificabilidade aplicarase sobre a superficie total do ámbito, computando os terreos destinados a novos sistemas xerais incluídos no mesmo, e con exclusión, en todo caso, dos terreos reservados para dotacións públicas existentes que o plan manteña, e dos destinados a sistemas xerais adscritos a efectos de xestión que se sitúen fóra do ámbito.

EXECUCIÓN DO PLANEAMIENTO:

Tamén se contempla na Orde da Consellería, a necesidade de que o Plan corrixido recolla un orde de prioridades para os solos urbanizables, de modo que primeiro fosen desenvolvidos os solos urbanizables delimitados e posteriormente fosen delimitados os solos urbanizables non delimitados, segundo establécese no artigo 58 da lei 9/2002, - en solo urbanizable non delimitado, o plan xeral establecerá os criterios para delimitar os correspondentes sectores, tales como os relativos a magnitude, usos, intensidade de uso, dotacións, equipamentos, sistemas xerais que deban executarse e conexións cos mesmos, así como prioridades para garantir un desenvolvemento urbano



racional. En particular, poderá condicionarse a delimitación de novos sectores ao desenvolvemento dos xa delimitados no plan xeral.

MEDIOAMBIENTE:

A consellería tamén fai notar a necesidade de incluír na normativa de solo urbanizable, as medidas correctoras necesarias segundo o estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico ou no seu caso o informe de sostibilidade ambiental.

Pois ben, sobre a base de todas estas consideracións a recoller no PLAN rectificado, procedeuse a:

1. Reducir considerablemente os sectores de solo urbanizable, motivadamente xustificadas e cumprindo o disposto nos artigos 14, 15 e 32 da LOUG. Así mesmo, os terreos que deban ser preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico e aqueles inadecuados para o desenvolvemento urbanístico en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sostible clasifícanse como solo rústico.

A capacidade residencial prevista polo Plan en solo urbanizable é de 249.979 m² edificables, o que equivale a un crecemento de 1.298 vivendas, coma se indica no capítulo 10 do Tomo II. Memoria Xustificativa que se incorpora como documento no PXOM, considerando que se trata dun desenvolvemento racional e sostible para cubrir a demanda de vivenda no concello no total do período de vixencia do Plan.

2. Suprimir os ámbitos de solo urbanizable residencial, terciario ou dotacional desvencellados da vila central, illados no solo rústico ou lindeiros con núcleos rurais, e clasificar como solo rústico de especial protección. Do mesmo xeito suprímense os ámbitos illados de solo urbanizable de uso industrial que pola súas reducidas dimensións, as difíciles condicións de acceso e funcionalidade e a falta de conexión con outras áreas industriais non son xustificables como áreas industriais malia a existencia de construcións ou actividades de carácter industrial ou comercial, debido a que esta implantación non xustifica por si mesma a clasificación do solo urbanizable, e os terreos son clasificados como rústicos de especial protección.

3. Realizar un estudo onde se analiza o estado e capacidade das redes de servizos urbanísticos así como as necesidades de reforzamento ou mellora previstas en atención as demandas existentes e a previsión derivada dos usos e intensidades derivadas do planeamento, como xa se apuntou no apartado B.2.

Por tanto queda reflectido en cada sector de solo urbanizable delimitado o trazado das redes fundamentais de servizos e a conexión cos sistemas xerais existentes e exteriores aos sectores.

4. Axustar debidamente os valores de edificabilidade establecidos en solo urbanizable en función da superficie, tipoloxía edificatoria, alturas e densidade que se quere establecer en cada área, e en función da ubicación no modelo de ordenación da vila e segundo a súa continuidade co solo urbano e do modelo de crecemento previsto.

5. Nas correspondentes fichas dos solos urbanizables, incluídas no Tomo V. Normativa Urbanística como Anexo II, figuran as reservas mínimas de solo para dotacións urbanísticas que marca o artigo



47.2 da LOUG. Ademais, os sectores contribúen na proporción que lles corresponde a cada un deles á obtención dos sistemas xerais de dotacións públicas mediante a adscrición de cargas sinaladas nas anteditas fichas e xustificadas convenientemente no Tomo VI.Estratexia de actuación e Estudio económico.

6. Detallar o cálculo do aproveitamento tipo en todas as fichas de solos urbanizables de acordo co disposto no artigo 114 da LOUG, tendo presente o artigo 46.6 b) de dita Lei.

7. Co fin de garantir un racional desenvolvemento urbanístico do solo urbanizable, de conformidade co disposto no artigo 58 da LOUG, queda condicionado directamente o desenvolvemento dos solos urbanizables non delimitados ao previo desenvolvemento dos sectores xa delimitados polo Plan xeral e especificados os seus prazos de execución, tal e como queda reflectido no punto 6.4.3 do Tomo II. Memoria xustificativa.

8. Concretar as medidas correctoras que se determinan como necesarias, derivadas do ISA, para cada un dos sectores ou ámbitos de solo urbanizable, que quedan reflectidas nas fichas correspondentes a cada un deles incluídas no Tomo V. Normativa Urbanística.

II.H.- Estratexia de actuación e estudio económico

A Consellería na Orden de 05.05.2006, establece en canto a Estratexia de actuación e estudio económico os seguintes puntos:

1. A estratexia de actuación non é completa nin realista, polo seguinte:

Non recolle ningún tipo de referencia ás actuacións de execución dos sistemas xerais que deben crearse necesariamente para o desenvolvemento do solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado.

Subsánase esta deficiencia, complementando os estudos individuais dos sistemas xerais contemplados no PXOM, explicando os recursos e canles de execución previstos para cada sistema xeral.

E non só se especifican os prazos temporais para o desenvolvemento duns e doutros ámbitos, senón tamén se explica o por qué de ditos prazos e o por qué se priorizan no tempo uns sobre outros.

Segundo a Orde da Consellería, sen entrar no método e criterios de valoración efectuados para determinar os importes de expropiación das actuacións puntuais en solo urbano especificadas no estudio económico, cómpre evidenciar o seguinte:

- Nas áreas de reparto en solo urbano non consolidado e solo urbanizable prevense os valores máximos de edificabilidade permitidos pola lexislación.
- Os sistemas xerais incluídos ou adscritos nas devanditas áreas de reparto, sen prexuízo de certas indeterminacións que se comentaron anteriormente e a falta dun estudio xustificativo no plan, non semellan constituír cargas elevadas atendendo ás edificabilidades permitidas.



- Sen embargo, boa parte dos sistemas xerais de nova creación responden a actuacións de expropiación por parte do Concello.

O anterior sen que no estudio económico se achegue unha xustificación suficiente da viabilidade das previsións de investimento con cargo a fondos propios do Concello, polas seguintes razóns:

- Non poden considerarse xustificadas nin suficientes os recursos derivados da valoración económica do aproveitamento urbanístico correspondente ao Concello, pois como se apuntou anteriormente, as previsións de crecemento que recolle o PXOM non son proporcionais á dinámica realmente esperable.
- Ademais os bens do patrimonio municipal de solo (no que debe integrarse o aproveitamento municipal) quedan suxeitos ás finalidades que establece o artigo 177 da Lei 9/2002; sen que se atope suficientemente xustificada a simple afirmación de que non existe demanda de vivendas suxeitas a protección pública.
- Os importes atribuídos á nova fiscalizade que se aplicará nos núcleos rurais están condicionados polo que se ten indicado ao respecto da clasificación do solo de núcleo rural.

O plan obxecto de rectificación adoece dunha adecuada explicación e motivación dos mecanismos que fagan viable a execución dos planes de infraestruturas no mesmo previstos. O Plan non só ten que contemplar as infraestruturas, dotacións e servizos públicos a executar, mellorar e desenvolver durante a súa vixencia, senón tamén os canles para a súa financiación que as fagan viables. E ao respecto apuntase pola Consellería que tal análise detallada non se recolle no Plan.

Elaborouse por tal razón un estudio económico completo que explica a viabilidade económica de todo o modelo de planeamento que se presenta a aprobación. Incorporáanse os estudos e análise económicos que garanten en todo o posible a viabilidade da execución do plan, no que efectivamente o seu capítulo esencial son as infraestruturas, dotacións e servizos públicos.

Respecto a conveniencia de aportar os convenios firmados cas Administracións Públicas que garanten a financiación da execución do Plan Xeral, optouse por realizar un estudio estatístico das inversións efectuadas polas diversas Administracións Públicas no Concello da Estrada nos últimos anos, en lugar de tratar de obter a sempre complexa firma –e incluso de dubidosa legalidade, por non contar con soporte presupostario para os diversos anos de vixencia prevista do novo PXOM- de uns convenios cas Administracións cuxa efectividade e legalidade estaría sempre en entredito. Detállanse as inversións precisas para a execución das novas dotacións previstas, tanto para a obtención do solo como para a súa urbanización conforme os usos previstos de cada dotación –custes de execución material das novas dotacións-. Enténdese tamén como abondamento do contido do artigo 60.3 da LOUG no que atinxe á xustificación das previsións que cumpra realizar con recursos propios do concello, e a “acreditación de conformidade” do financiamento de Sistemas Xerais e das actuacións previstas que se atribúan no Plan ás “administracións ou entidades públicas distintas do municipio”.

A este respecto, como xa se avanzaba no estudo económico, no que atinxe á distribución dos importes das obras necesarias para a execución das determinacións do Plan Xeral, as cantidades asignadas ás administracións distintas da municipal, mostran unha estratexia posible de actuación, e



sempre teñen carácter indicativo, servindo así como marco e base de posteriores acordos entre administracións. Cos informes favorables ao documento do PXOM por parte das distintas administracións, preceptivos para a súa aprobación, recoñecerase o seu coñecemento e visto e praxe ao mesmo.

Pois ben, sobre a base de todas estas consideracións a recoller no PLAN rectificado, procedeuse a:

1. O Plan xeral recolle todas as actuacións de execución dos Sistemas Xerais que son necesarias para o desenvolvemento dos solos urbanos non consolidados e os solos urbanizables delimitados tal e como queda reflectido no Anexo III do Tomo II. Memoria Xustificativa.

Todas as actuacións en solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado están determinadas nas fichas correspondentes a cada un dos ámbitos, cos seus correspondentes prazos de execución dentro dos tres cuadrienios, atendendo os criterios económicos de viabilidade económica determinados no Tomo VI. Estratexia de actuación e estudio económico, e as necesidades de completamento das fases do modelo de ordenación e execución dos servizos correspondentes.

Todas as actuacións están relacionadas nos seus correspondentes prazos para apoiarse unhas as outras nos sistemas xerais nos que se apoian e conforman o modelo. Os ámbitos de solo urbano non consolidado con prioridade de sistemas xerais adscritos, como o centro de saúde, no SUNC-R02, desenvolveranse por iniciativa pública e por sistema de cooperación.

2. As áreas de solo urbano non consolidado e solo urbanizable non prevén en xeral os valores máximos permitidos de edificabilidade na lexislación, polo contrario, están moi por debaixo dos mesmos, atendendo as necesidades da demanda e estruturados segundo o estudio socioeconómico e poboacional.

Case todos os sistemas xerais de nova creación, o sustento do modelo viario, a ronda verde e o viario de conexión nordeste, así como o novo centro de saúde, todos os sistemas de saneamento e abastecemento asociados os mesmos, atópanse incluídos os solos urbanos non consolidados e solos urbanizables.

Non se consideran no estudio de viabilidade económica os recursos derivados da valoración económica dos aproveitamentos urbanísticos correspondentes o concello.

Todo o Plan deberá estar suxeito a un mínimo do 30% de vivenda suxeita a algún réxime de protección pública e a cesión do solo destinado ao Instituto de vivenda segundo o artigo 47.11 da LOUG, modificado pola lei 8/2012, do 29 de xuño de vivenda de Galicia para o conxunto do solo urbano non consolidado e urbanizable delimitado, cumprimento que queda definido no punto 12.2 Xustificación do cumprimento dos requisitos legais en canto a reserva de solo para vivenda de protección pública do Tomo II. Memoria Xustificativa.

3. Todas as intervencións correspondentes as Administracións Públicas están xustificadas no Tomo VI. Estratexia de actuación e estudio económico, segundo os criterios que se establecen no seguinte punto.

4. O estudio económico determina a inversión de todas as Administracións Públicas, Xunta, Deputación Provincial e Concello seguindo os criterios de inversión o longo dos últimos cinco anos e



prorrrateando polo número de habitantes correspondentes o Concello da Estrada, así como a capacidade de aforro do Concello e a súa posible financiación coa capacidade de endebedamento segundo a lei, do mesmo xeito, as cargas dos propietarios particulares se efectúa mediante un detallado estudio individualizado de beneficios e cargas para cada área de reparto, asignando a cada solo unha carga de sistemas xerais proporcional ao valor residual do solo (proporcional ao seu volume edificable), segundo o seu uso e tipoloxía, dando resposta así ao Artigo 52-3 da LOUG, e en especial a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición, como se indica en el TOMO VI. Estratexia de actuación e estudio económico.

Así mesmo se comproba que o resultado final é sostible e equilibrado para todas as áreas de repartición, xa que o valor residual do solo final obtido a través de todas as determinacións das áreas, resulta equivalente aos valores residuais do mercado para cada uso e tipoloxía e mais concretamente dentro dos valores da lei de expropiación.

I. OUTRAS CUESTIÓN

No relativo á incorporación no plan obxecto de rectificación das determinacións de planeamento vixente con anterioridade ao presente documento, procedeuse no plan rectificado que agora se presenta a detallar coa debida precisión cada un dos solos clasificados polas Normas Subsidiarias que derivan de planeamentos redactados con anterioridade, tal como queda reflectido no punto 6.1 do Tomo II. Memoria xustificativa e que o plan xeral regula no seu Tomo V. Normativa Urbanística, Art. 147. Ordenanza nº7 Do solo industrial LIDL, Art. 148. Ordenanza nº8 Do solo Industrial María Martínez, Art.149. Ordenanza nº9 Do solo industrial Toedo leste e Art.150. Ordenanza nº10 Do solo industrial Toedo oeste así como nos planos correspondentes de cualificación do solo.



SOMETEMENTO DO PLAN XERAL RECTIFICADO O TRAMITE DE AVALIACION AMBIENTAL ESTRATÉXICA:

Considerase a oportunidade e necesidade de someter o Plan Xeral rectificado o procedemento de avaliación ambiental da Lei 9/06, segundo a cal os pasos básicos a seguir son:

Art. 7 de la Lei:

- a) A elaboración dun informe de sostibilidade ambiental, cuxa amplitude, nivel de detalle e grao de especificación será determinado polo órgano ambiental.
- b) A celebración de consultas.
- c) A elaboración da memoria ambiental.
- d) A consideración do informe de sostibilidade ambiental, do resultado das consultas e da memoria ambiental na toma de decisións.
- e) A publicidade da información sobre a aprobación do plan o programa.

Art. 8 Informe de sostibilidade ambiental

1. No informe de sostibilidade ambiental, o órgano promotor debe identificar, describir e avaliar os probables efectos significativos sobre o medio ambiente que poidan derivarse da aplicación do plan ou programa, así como unhas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, incluída entre outras a alternativa cero, que teñan en conta os obxectivos e o ámbito territorial de aplicación do plan ou programa. A estes efectos, entenderase por alternativa cero a non realización de dito plan ou programa.

2. O informe de sostibilidade ambiental facilitará a información especificada no anexo I, así como aquela que se considere razoablemente necesaria para asegurar a calidade do informe. A estes efectos, teranse en conta os seguintes extremos:

- a) Os coñecementos e métodos de avaliación existentes.
- b) O contido e nivel de detalle do plan ou programa.
- c) A fase do proceso de decisión no que se atopa.
- d) A medida na que a avaliación de determinados aspectos necesita ser complementada noutras fases de dito proceso, para evitar a súa repetición.

Art. 9 Alcance do informe de sostibilidade ambiental

1. A amplitude, nivel de detalle e el grao de especificación do informe de sostibilidade ambiental determinarase polo órgano ambiental, tras identificar e consultar as Administracións públicas afectadas e o público interesado.



A determinación da amplitude e nivel de detalle do informe de sostibilidade ambiental comunicarase o órgano promotor mediante un documento de referencia que incluíra ademais os criterios ambientais estratéxicos e indicadores dos obxectivos ambientais e principios de sostibilidade aplicables en cada caso (este documento de referencia xa foi remitido pola Consellería de Medio Ambiente o Concello da Estrada).

Art. 10 Consultas

1. A fase de consultas sobre a versión preliminar do plan ou programa, que inclúe o informe de sostibilidade ambiental, implica as seguintes actuacións:

- a) Posta a disposición do público.
- b) Consulta as Administracións públicas afectadas e o público interesado, que disporán dun prazo mínimo de 45 días para examinalo e formular observacións.

Art. 12 Memoria ambiental

Finalizada a fase de consultas, elaborárase unha memoria ambiental co obxecto de valorar a integración dos aspectos ambientais na proposta do plan ou programa, na que se analizarán o proceso de avaliación, o informe de sostibilidade ambiental e a súa calidade, e se avaliará o resultado das consultas realizadas e cómo se tomaron en consideración e analizarase a previsión dos impactos significativos da aplicación do plan ou programa.

A memoria ambiental conterá as determinacións finais que deban incorporarse a proposta do plan ou programa.

A memoria ambiental é preceptiva e terase en conta no plan ou programa antes da súa aprobación definitiva. Será realizada, no ámbito da Administración Xeral do Estado, de acordo co establecido no artigo 22 e, no ámbito das Comunidades Autónomas, polo órgano ou órganos que estas determinen, e, en todo caso, co acordo do órgano ambiental.

Art. 13 Proposta do plan ou programa

O órgano promotor elaborará a proposta do plan ou programa tomando en consideración o informe de sostibilidade ambiental, as alegacións formuladas nas consultas, incluíndo no seu caso as consultas transfronteirizas, e a memoria ambiental.

Art. 14 Publicidade

Unha vez aprobado o correspondente plan ou programa, o órgano promotor porá a disposición do órgano ambiental, das Administracións públicas afectadas, do público e dos Estados membros consultados a seguinte documentación:

- a) O plan ou programa aprobado.



b) Unha declaración que resuma os seguintes aspectos:

1.º De qué xeito se integraron no plan ou programa os aspectos ambientais.

2.º Cómo se tomaron en consideración o informe de sostibilidade ambiental, os resultados das consultas, incluíndo no seu caso as consultas transfronteirizas, a memoria ambiental, así como, cando proceda, as discrepancias que puideran aparecer no proceso.

3.º As razóns da elección do plan ou programa aprobados, en relación cas alternativas consideradas.

c) As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan ou programa.

d) Un resumo técnico sobre a documentación contida nos puntos b) e c).

En cumprimento destas prescricións legais, polo equipo redactor do Plan Xeral rectificado, seguindo o DOCUMENTO DE REFERENCIA elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, incorporáronse ao Plan as determinacións contidas no INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL expresamente elaborado por persoal técnico cualificado.

O Concello da Estrada elaborou a proposta de Plan incluíndo o Informe de sostibilidade ambiental, sendo aprobado inicialmente por acordo do Pleno da Corporación Municipal o 17 de setembro de 2009. O proceso de consultas e información pública realizouse durante dous meses a partir do día seguinte da publicación do anuncio no DOG número 205, do 20 de outubro de 2009, e nos xornais La Voz de Galicia e Faro de Vigo, do mesmo día. Tras ou cal actuouse seguindo as prescricións ordenadas nos preceptos anteriormente reproducidos, elaborando a Memoria ambiental, que foi enviada coa documentación do Plan á Consellería de Medio Ambiente con entrada o 21 de setembro do 2011.

A Consellería de Medio Ambiente aprobou a Memoria Ambiental do Plan en data 20 de xaneiro do 2012. Coa seguinte resolución. "Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Estrada é ambientalmente viable, aínda que para unha correcta integración dos criterios de sostibilidade establecidos no DR, o Plan deberá incorporar as seguintes determinacións"

Estas Determinacións expostas no informe da Memoria Ambiental foron incorporadas neste documento.

A Estrada, Xullo 2013

Fdº Juan Angel Visier Gil
Arquitecto redactor